




EDUCAR PARA A IGUALDADE NAS RELACIÓNS AFECTIVO-SEXUAIS

L1901015

CFR Lugo

20 e 23 xaneiro 2020

Noa Tilve Cabada

noa.tilve.cabada@xunta.gal

DO QUE PARTIMOS... CONSTRUÍNDO COÑECEMENTO

- PEGATINA: Escribe o teu nome e ao lado a palabra coa que asocies o termo sexo/sexualidade
- DEFINE OS TERMOS
- PREGUNTAS



DEFININDO

SEXO

SEXUALIDADE

ERÓTICA

IDENTIDADE SEXUAL

ORIENTACIÓN SEXUAL

PARELLA

AMOR



DO QUE PARTIMOS...

- QUE EDUCACIÓN SEXUAL RECIBICHES?
- É A MESMA QUE A QUE QUERES PARA O TEU ALUMNADO?
- QUE COUSAS CAMBIARÍAS?
- QUE NECESITAS PARA FACELO POSSÍVEL?
- CON QUE/QUEN CONTAS PARA CONSEGUILO?

SEXO: **Diferenciación sexual** (sexus-secare: cortar, dividir).

Elementos ou factores sexuanes

Xenéticos - Hormonais - Xenitais - Neurais - Hipofisiarios - De asignación - Morais - Estereotípicos - Imaxinarios - Conductuais - Simbólicos - Relacionais - Etc.

SEXO/XÉNERO=BIOLOXÍA/SOCIAL

EXPRESIÓN DE XÉNERO :Comportamentos que marca a sociedade polo feito de ser home ou muller (vestir, xesticular, afeccións, profesións, xogos, formas de relacionarte, etc.)

SEXUALIDADE(S): Da conta de **como se senten, perciben e se viven as persoas sexuadas** a medida que se van facendo ou definindo, o que sucede a través do proceso biográfico e a evolución de cada cal, sempre nun marco relacional.

ERÓTICA: Procede da base cultural greco-latina e quere dicir desexo (Eros). Da conta, dos **desexos propios das persoas**, por ser persoas sexuadas e coma tales persoas sexuados (viven e séntense sexuadas), atraen e desexan entre elas e queren atoparse e convivir. Tamén da conta das **distintas formas de realización dos desexos** en relación.

IDENTIDADE SEXUAL: Etiqueta que fai referencia á vivencia subxectiva que dá resposta a como te sentes (Rango: home, muller,...)

ORIENTACIÓN SEXUAL (DO DESEXO): Etiqueta que fai referencia á atracción física, emocional, erótica, afectiva, que sente unha persoa por outra. Rango: Homosexualidade, heterosexualidade, bisexualidade,...

PARELLA: Fórmula que persoas sexuadas desenvolveron nas sociedades modernas para organizar as súas vidas entre elas. A parella é a que forman as persoas, o matrimonio/parella de feito é o declarado pola lei, aínda que en ocasións coincidan.

AMOR: Que é o amor????

O amor é un sentimento universal que todos os seres humanos somos capaces de sentir e experimentar cara outro individuo, animal ou cousa.

EDUCACIÓN (AFECTIVO) SEXUAL

- FAISE DENDE O BERCE, E CASE SEMPRE MOI BEN
- FAISE COAS MIRADAS, COS ALOUMIÑOS, CO QUE FALAMOS E COS SILENCIOS... FAISE AÍNDA QUE NON SE QUEIRA FACER
- FAISE A TODAS AS IDADES, AÍNDA QUE NON O PAREZA
- FAISE NA CASA, LA TELE, NOS XOGOS, NOS LIBROS, NA ESCOLA... QUE PODEMOS APORTAR?



EDUCACIÓN (AFECTIVO) SEXUAL

Todas e todos somos persoas sexuadas dende que nacemos e o seremos ata que morramos, non pode ser doutro modo. Se queremos que os nenos e nenas, mozas e mozos poidan crecer en tódolos seus aspectos, non se pode obviar esta circunstancia; é máis, aínda que se quixera, seguirían sendo sexuados/as, e a súa sexualidade seguiría tendo presenza.

**Neste punto, a clave é
de que falamos cando falamos de
educación sexual?**

O **obxectivo** da educación sexual diríxese a que nenos e nenas, mozas e mozos e persoas adultas aprendan a **coñecerse**, aprendan a **aceptarse** e aprendan a **expresar** a súa erótica de modo que sexan felices.

Isto que quiere decir?



APRENDER A COÑECERSE

Coñecerse significa **aprender como somos e como funcionamos**.
Coñecerse inclúe coñecer ás demais persoas.

Descríbeme: quen son? como son?
Funcións das partes do corpo
Como son as/os demais, e como funcionan.

Px.

- x Son normal, é normal o que me pasa?
- x Somos iguais?
- x Que función teñen os ollos, as orellas,
o pelo, o pene/vulva,...
- x Os labios menores sobresáenme aos maiores...
- x Fimose?



APRENDER A ACEPTARSE

É contribuir a que **estean contentos e contentas por como son**, que estean a gusto consigo mesmos/as, que sintan que non hai ninguén mellor ou peor que eles ou elas.

Cando nos coñecemos e coñecemos aos demais e máis fácil aceptarse.

Cambios corporais, diferentes ritmos

Desexos únicos e particulares (tb no sexual)

Romper cos estereotipos de xénero

Px.

- x Non teño aínda tetas e as miñas amigas si...?
- x Gústame xogar coas cociñas, e as bonecas, e chámanme nenaza
- x Non é coma nós, non pode formar parte do grupo
- x Algo non cadra, eu síntome nena e trátanme como un neno, non sei que facer...



APRENDER A EXPRESAR

Que aprendan a expresar a súa erótica de modo que sexan felices, que aprendan a gozar. Únicamente gózase cando se evitan consecuencias non desexadas. ***Só se goza co que se desexa.***

Bicar: bicos sociais-bicos desexados
O que me propoñen e o que eu quero facer
Desexo individual#Desexo compartido

Px.

- x Ten que bicar cando chega a casa, ou imos a algunha casa?
- x Comparto caricias que me propoñen os meus amigos/as?
- x Se eu o desexo...ti tamén o desexarás...



EDUCACIÓN SEXUAL

Educación sexual



Carlos de la Cruz

En resumo, **traballar polo que se quere**
CONSEGUIR e non só polo que se pretende
evitar.



EDUCAR POLO QUE QUEREMOS CONSEGUIR NON SÓ POLO QUE QUEREMOS EVITAR

- SEXAN FELICES
- GOCEN CO QUE FAGAN
- SE SINTAN BEN CONSIGO MESMOS/AS
- SINTAN QUE SON COHERENTES COA SÚA FORMA DE PENSAR
- EVITEN SITUACIÓNS NON DESEXADAS

EN CADA ETAPA...

- **3-6 ANOS**

- Distinción sexos
- Establecimiento identidade sexual
- Sistema xénero (cousas masculinas/femininas)
- Linguaxe (nomear as cousas)
- Primeiras preguntas (corpo/embarazo)
- Autoexploración e exploración do outro/a
- Familias (árbore xenealóxica-diversidade familiar)

EN CADA ETAPA...

- **6-10 ANOS**

- Imitación persoas adultas e exploracións
- Comunicación, información precisa e exacta (falar de sexualidade con naturalidade, fonte fiable fronte ao que escoiten de amizades ou outras fontes)
- Dar resposta ás súas preguntas e sondear inquietudes
- Valor da diversidade (corpos, gustos, familias)
- Cambios corporais que van chegar na pubertade
- Órganos xenitais
- Reproducción
- Familias (árbore xenealóxica-diversidade familiar)

EN CADA ETAPA...

- **PUBERTADE**

- Cambio foco (familia-grupo de iguais)
- Quen son eu (a diferenca de quen queren que sexa)
- Gustarse/Gustar aos demais
- Ser NORMAL
- Presión de grupo (ser/facer)
- Atraccións/desexos eróticos - desexar#facer
- Namoramentos: visión do amor
- Orientación do desexo

EN CADA ETAPA...

- **ADOLESCENCIA-POST**

- Erótica: experiencias
- Relaciones “botrato”
- Vincularse e desvincularse
- Consumos para “ligar/enrollarse”
- Métodos/ITS
- Intimidade
- Relaciones no mundo virtual
- “Mochila”sexualidade masculina e feminina

TRABALLANDO NA AULA

SEXO-IDENTIDADE SEXUAL


Neste aspecto, pensemos, que cousas podemos facer na aula para acadar o primeiro obxectivo da educación sexual, COÑECERSE en relación ao sexo-identidade sexual

- Empregamos en infantil/primaria ilustracións neno/nena? Que elementos diferenciadores empregamos?
- Como son os aseos do centro? Quen me di a que aseo teño que ir? Por que? Que ilustración aparece?
- Empregamos en primaria/secundaria, por exemplo en bioloxía, ilustracións dos xenitais, que xenitais corresponden a quen? Como son esas ilustracións? Reflexan a diversidade (formas, tamaños, curvaturas, pelo,...)



Me identifico

Colorea al niño o la niña que es de tu mismo sexo.



Ficha para inicial - 2 años

Autor: Jennifer Gerosen

www.materialdeaprendizaje.com

Fecha:

Las partes del cuerpo

Ficha 16

Dibuja lo que le falta a cada niño.



©Copyright materialdeaprendizaje.com



SEXO-IDENTIDADE SEXUAL

Neste aspecto, pensemos, que cousas podemos facer na aula para acadar o primeiro e segundo obxectivo da educación sexual, COÑECERSE/ACEPTASE en relación ao sexo-identidade sexual

- Empregamos en infantil/primaria ilustracións neno/nena? Que elementos diferenciadores empregamos?

ALTERNATIVAS: Ilustracións que recollan a diversidade existente en todos os aspectos (estatura, volume, pelo, orellas, discapacidade? pene/vulva, intersexualidade?...)

Eliminar os conceptos:

- SEMPRE/NUNCA
- O NORMAL
- BEN/MAL

Substituir por: FRECUENTE/INFRECUENTE

TEN CARGA NEGATIVA QUE ALGO SEXA MÁIS OU MENOS FRECUENTE?

SEXO-IDENTIDADE SEXUAL

Neste aspecto, pensemos, que cousas podemos facer na aula para acadar o primeiro e segundo obxectivo da educación sexual, COÑECERSE/ACEPTARSE en relación ao sexo-identidade sexual

- Como son os aseos do centro? Quen me di a que aseo teño que ir?
Por que? Que ilustración aparece?

ALTERNATIVA: Aseos mixtos, con portas.

https://www.eldiario.es/canariasahora/sociedad/Colegio-Publico-Arucas-rec-onvierte-inclusion_0_894161691.html



SEXO-IDENTIDADE SEXUAL

Neste aspecto, pensemos, que cousas podemos facer na aula para acadar o primeiro e segundo obxectivo da educación sexual, COÑECERSE/ACEPTARSE en relación ao sexo-identidade sexual

- Empregamos en primaria/secundaria, por exemplo en bioloxía, ilustracións dos xenitais, que xenitais corresponden a quen? Como son esas ilustracións? Reflexan a diversidade (formas, tamaños, curvaturas, pelo,...)

ALTERNATIVA: Ilustracións que reflexen a diversidade.








EXEMPLOS:

- Alumnado liña central, dereita home, esquerda muller, situarse en base a afirmacións.
- Pregunta directa: por que saben que son homes/mulleres
- Imaxes e que digan de que sexo pensan son
- Vídeo Chrysalis:

https://www.youtube.com/watch?time_continue=139&v=27Z5h1xXW Ao

- Vídeo HollySiz: <https://www.youtube.com/watch?v=Cf79KXBCIDg>

- Xénero “Como una niña”:
<https://www.youtube.com/watch?v=s82iF2ew-yk>



IDENTIDADE SEXUAL (DE XÉNERO)

PERSOAS TRANSEXUAIS NA AULA

PROTOCOLO: Protocolo identidade de xénero

Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero - Abril 2016

Lei 2/2014, que inclúe a mención expresa á eliminación de calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar **no sistema educativo**, entre outras, por razóns de identidade de xénero.

Cada centro deberá establecer no seu plan de convivencia as medidas particulares que sexan necesarias para garantir o libre exercicio da identidade sexual de todos os membros da comunidade educativa (en especial os/as menores).



PROTOCOLO: Protocolo identidade de xénero

É importante destacar que a **condición de persoa transexual non é deliberada ou caprichosa. Tampouco é un trastorno mental nin do comportamento. É unha condición coa que se nace**, que pode manifestarse a partir dos dous anos e medio, pola que o sexo sentido ou psicolóxico, que é o que realmente determina a identidade, non coincide co fisiolóxico ou aparente. É, polo tanto, un fenómeno biolóxico innato, dado que o cerebro é un órgano sexuado cuxo criterio prima sobre todos os demais órganos, mesmo os sexuais e reprodutivos. A **identidade de xénero tamén reside no cerebro, formándose arredor dos 3-4 anos de idade. Unha vez determinada é irreversible e invariable.**

Algúns puntos do protocolo:

- Cando un/unha alumno/a menor de idade e non emancipado/a comunique esta situación ao centro sen coñecemento da súa familia ou representantes legais, o centro educativo facilitaralle ao dito alumno/a o seu apoio e mediación na comunicación coa familia (ou representantes legais), así como o acceso aos recursos sociais e sanitarios que correspondan.
- Se algún dos representantes legais do menor non emancipado se opuxese á adopción das medidas anteriores, a dirección tomará as medidas precisas que garantan o respecto ao interese superior do menor.

SEXUALIDADE-ORIENTACIÓN SEXUAL

Neste aspecto, pensemos, que cousas podemos facer na aula para acadar o primeiro e segundo obxectivo da educación sexual, COÑECERSE/ACEPTARSE en relación á sexualidade-orientación sexual




- Empregamos contos, ilustracións, vídeos nos que aparecen diferentes opcións de orientación sexual?
- Que facemos na aula se se empregan insultos referidos a algunha orientación sexual? Que facemos se se discrimina a unha alumna ou alumno pola súa orientación sexual?
- Facemos algo na aula para sensibilizar sobre opcións menos visibles?
- Facemos algo na aula para visibilizar diversos modelos de familia?

SEXUALIDADE-ORIENTACIÓN SEXUAL

Neste aspecto, pensemos, que cousas podemos facer na aula para acadar o primeiro obxectivo da educación sexual, COÑECERSE/ACEPTARSE en relación á sexualidade-orientación sexual

- Empregamos contos, ilustracións, vídeos nos que aparecen diferentes opcións de orientación sexual?
- Facemos algo na aula para sensibilizar sobre opcións menos visibles?

ALTERNATIVA: Empregar na aula materiais que recollan a diversidade sexual existente.



SEXUALIDADE-ORIENTACIÓN SEXUAL

Neste aspecto, pensemos, que cousas podemos facer na aula para acadar o primeiro e segundo obxectivo da educación sexual, COÑECERSE/ACEPTARSE en relación á sexualidade-orientación sexual

- Que facemos na aula se se empregan insultos referidos a algunha orientación sexual? Que facemos se se discrimina a unha alumna ou alumno pola súa orientación sexual?

NON PASALO POR ALTO E INTERVIR:

- Accións formativas
- Accións de sensibilización
- Conversas en privado: persoas implicadas
- Aplicación da lei: **LEI 2/2014, do 14 de abril**, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

CAPÍTULO V

MEDIDAS NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN

SEXUALIDADE-ORIENTACIÓN SEXUAL

Neste aspecto, pensemos, que cousas podemos facer na aula para acadar o primeiro e segundo obxectivo da educación sexual, **COÑECERSE/ACEPTARSE** en relación á sexualidade-orientación sexual

- Facemos algo na aula para visibilizar diversos modelos de familia?

ALTERNATIVA: Empregar na aula materiais que recollan a diversidade existente nos modelos familiares.



ORIENTACIÓN SEXUAL

- **Vídeo Esqueletes:**

<https://www.youtube.com/watch?v=ucFX4p7xg0A>

- **Actividade estereotipos en relación á homosexualidade**

Tres persoas saen da clase e ao entrar deberán falar de calquera tema (música, libros, o que fixeron a fin de semana, fútbol...). Ao resto da clase diráselles que un dos alumnos/as que vai entrar é gai ou lesbiana (é mentira, ningún representa ese papel). Ao terminar falarase e comentaranse as razóns que a cada alumno/a levoulles a pensar que determinado voluntario/a era homosexual.

- **O mundo ao revés:**

Vídeo ou cuestionario:

<https://www.youtube.com/watch?v=xKydHkUqGAM>

- OU FACEMOS ALGO OU...

<https://www.youtube.com/watch?v=QPtoEKlOrIU>





La
naturaleza
es diversa
ser
diverso **x** es
natural

Diversidade sexual humana

¿Qué es la diversidad sexual? Explicación fácil

CONTINUARÁ....